



Proxecto de Decreto /2021, do , polo que se modifica o Decreto 43/ 2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

A lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia prevé no seu artigo 4.1.b) a creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e infancia, adscrito á consellería competente en materia de familia. O artigo 4.2 da dita lei determina que, mediante regulamento, establecerase a súa composición e funcións.

Ao abeiro do establecido na dita norma e tras a súa aprobación, o día 29 de abril de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da infancia. De conformidade coa antedita lei, esta norma configura o observatorio como un órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia, adscrito á consellería competente en materia de familia.

O artigo 6 do dito decreto regula a composición do dito órgano colexiado no que están representados os órganos dependentes da Presidencia e das distintas consellerías da Xunta de Galicia, a entidade do sector público autonómico competente en materia de estatística, a delegación do goberno, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), as universidades galegas, a fiscalía da Comunidade Autónoma, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como a Plataforma de organización da Infancia de Galicia.

O Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF), axencia da Organización de Nacións Unidas que apoia aos gobernos e á sociedade civil para aplicar a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno e outras normas internacionais, colabora coas administracións co fin de facer efectivos, entre outros, os obxectivos da Axenda 2030.

Como organismo internacional adicase principalmente aos nenos, contribuíndo de xeito eficaz á loita contra a pobreza mediante labores de promoción e o establecemento de alianzas orientadas á supervivencia, o desenvolvemento e a protección da infancia.



Un dos seus obxectivos é garantir o fiel cumprimento dos dereitos da infancia, proporcionando a todos os nenos do mundo alimentos, vestimenta, atencións médicas, vacinas, así como tentando satisfacer as súas necesidades.

A súa presenza en todo o mundo e o labor que desempeña na promoción da protección dos dereitos da infancia fai considerar a súa participación como necesaria na composición do Observatorio, co fin de achegar a súa experiencia e coñecemento da realidade da infancia.

Con base no exposto considérase necesario realizar unha modificación da letra d) do artigo 6 do Decreto 49/2019, do 11 de abril, para ampliar a súa composición coa presenza de UNICEF a través da Fundación UNICEF-Comité Español, entidade que se constitúe na súa representante en España para o cumprimento da súa misión, organización e obxectivos no noso país, sen prexuízo das relacións directas que puidera ter coas autoridades, administracións públicas e institucións de conformidade co Acordo Marco vixente co Reino de España.

Consonte o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta disposición foi sometida ao trámite de audiencia e conta con todos os informes correspondentes.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Política Social, de acordo/oído o Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día.....

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 43/ 2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia*

A letra d) do número 1 do Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, queda redactada como segue:

“d) Vogais:

1º Unha persoa, que desempeñe un posto co rango mínimo de xefatura de servizo, designada en representación dos órganos dependentes da Presidencia e unha persoa representante por cada unha das consellerías da Xunta de Galicia.





2º Unha persoa en representación da entidade do sector público autonómico competente en materia de estatística.

3º Unha persoa en representación da Delegación do Goberno en Galicia.

4º Unha persoa en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

5º Unha persoa en representación de cada unha das tres universidades galegas.

6º Unha persoa representante da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, proposta polo/a Fiscal Superior de Galicia.

7º Un número de persoas equivalente ao de representantes sindicais en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

8º Unha persoa en representación de cada unha das organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia, así como das presentes na Mesa Xeral de Negociación das administracións públicas que non teñan a condición de máis representativas.

9º Una persoa representante da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia.

10º Una persoa en representación da Fundación UNICEF-Comité Español.”

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social

